

PONTEDEUME ■ P11

A vila regresou ao tempo dos Andrade

VALDOVIÑO ■ P19

Valdoviño pon en marcha un novo programa de conciliación estival

NARÓN ■ P20

Encontro da rede de perrucarías contra a violencia machista

enfiques.gal

DEPUTACIÓN

O PEL financia con 500.000 euros a creación de 50 postos de traballo

O OBXECTIVO DESTAS SUBVENCIÓNS É **CREAR EMPREGO ESTABLE E ASÍ FIXAR POBOACIÓN** NOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

ESTAS AXUDAS FINANCIAN O **70% DOS CUSTOS LABORAIS DURANTE UN MÁXIMO DE 12 MESES** E 15.000 EUROS POR CONTRATO

Nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal recibíronse un total de 49 solicitudes cun importe solicitado de 539.079,36 euros. Desta cantidade, concedeuse un importe de 489.802,07 euros para apoiar a xeración de

emprego na zona. Estas axudas financian o 70% dos custos laborais durante un máximo de 12 meses.

Páxina 6

EN FOCO



Valentín González, secretario xeral dos socialistas galegos, revalidou unha nova maioría absoluta en As Pontes.

Populares e socialistas igualan forzas no reparto de alcaldías tralo 28M

OS CONSERVADORES GOBERNARÁN EN OITO CONCELLOS, IGUAL QUE O PSDEG

Páxinas 2-3

FERROL ■ P24

Unha balea xibardo de case dez metros vara na praia de Santa Comba

■ Trátase da primeira balea corcovada, unha das especies de rorcuaes máis grandes, que varou na costa galega desde o 2011 segundo os datos da Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños.



Os voluntarios da CEMMA e de Protección Civil traballaron na súa retirada.

CEDEIRA ■ P13



Cedeira abre o calendario de xeorrutas no Cabo Ortegal para este verán

AS PONTES ■ P8

As Pontes aproba catro millóns en investimentos

■ Entre os proxectos destacan a creación dun centro loxístico, 350.000 euros para a construción da residencia, 210.999 euros para a cuberta do almacén da pista de tiro con arco ou 98.010 euros para unha grada cuberta no campo de herba artificial Evaristo Puentes.



Os vetos e leas na esquerda dan cinco concellos ao PP nas comarcas

O pasado 17 de xuño tivo lugar a toma de posesión dos alcaldes nos diferentes municipios das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. O Partido Popular (PP) logrou sumar cinco concellos —Ferrol, Cerdido, Cabanas, Cariño e Ortigueira— á súa lista de municipios gobernados —As Somozas, Mugardos e Mañón— nestas tres comarcas, mentres que o Partido Socialista (PSOE) mantivo o seu liderado en Pontedeume, As Pontes, Valdoviño, Cedeira, Neda, Ares, A Capela e Monfero. O Bloque mantén Fene, Moeche e San Sarduniño. Sen dúbida, a conformación dos gobernos locais foi o protagonista do día, e aínda que en 14 dos 19 concellos que conforman a área, excluindo Ferrol, os resultados xa estaban decididos debido a maiorías absolutas ou acordos previos, nos cinco restantes prolongáronse as negociacións ata o último minuto. Finalmente, falta de acordo entre forzas de esquerda e independentes facilitou ao PP alcaldías de Mugardos, Cariño, Cabanas e Ortigueira.

Nunha das poucas maiorías absolutas das comarcas, o popular José Manuel Rey Varela foi investido novo alcalde de Ferrol no salón de plenos do Consistorio onde estivo arroupado por o presidente da Xunta, Alfonso Rueda e o seu vicepresidente primeiro, Diego Calvo, ademais dos senadores populares Miguel Tellado, Verónica Casal e Juan Juncal. Alí asegurou que “o alcalde e o goberno de Ferrol só dependerá dos ferroláns”. Incidiu ademais en que o seu proxecto “só pertence” aos veciños. “Só dependeremos de nós mesmos”, insistiu. Rey Varela convidou a todos os membros da corporación “para traballar unidos” e comprometeuse a “ escoitar a todos para tomar decisións, que será a nosa regra de ouro”.

O anterior alcalde, Ángel Mato, pediu-lle a Rey Varela que “aproveite todo o traballo anterior” e avanzou que o “PSOE vai realizar unha oposición responsable á hora de reclamar todos aqueles asuntos fundamentais”, para desta forma “loitar contra a desigualdade”. “Terannos en fronte en caso de tratar de dismantelar algún dos servizos públicos”, advertiu, tras o que pediu que se resolvan as desavinzas entre Concello e Autoridade Portuaria.

Máis intenso foi o pleno no municipio de Cariño, onde o posible acordo entre o PSOE e o Bloque Nacionalista Galego (BNG) para as eleccións locais non se cumpriu, xa que os socialistas non aceptaron a liña vermella imposta polos nacionalistas: a dimisión do seu candidato á alcaldía, José Miguel Alonso Pumar. Como resultado, a nova alcaldesa é a popular Ana María López. Unha situación similar ocorreu en Mugardos, onde finalmente Juan Domingo de Deus asumiu a alcaldía. Aínda que o BNG e o PSOE, con tres concelleiros cada un, sumaban os suficientes edís para formar un goberno de coalición —mentres que o PP tiña cinco—, a decisión da antiga

OS CONSERVADORES FANSE CON OITO ALCALDÍAS TRAS O 28M, AS MESMAS QUE O PSOE, MENTRES QUE O BNG MANTÉN OS SEUS TRES FEUDOS

alcaldesa Pilar Díaz (EU) de votarse a si mesma fixo que novamente asumise o goberno a lista máis votada.

Doutra banda, nos municipios de Cabanas e Ortigueira, que serán liderados polos populares Fernando Couce e Valentín Calvín, respectivamente, a clave estaba nas formacións veciñais. No caso de Cabanas, o PSOE e o BNG buscaban repetir un goberno de coalición, xa que obtiveron o mesmo número de concelleiros que o PP. Con todo, Somos Candidatura Veciñal tiña a chave e finalmente decidiu non apoiar ás forzas de esquerda. No municipio de Ortigueira, o resultado era máis claro. A pesar de contar co apoio do BNG, o exalcalde Juan Penabad necesitaba a abstención das formacións veciñais Primeiro Ortigueira e Xunto a ti, que anunciaron que votarían por si mesmas e finalmente mantiveron a súa postura, o que levou á vitoria do popular Valentín Calvín. Mellor sorte correu o socialista Manuel Meizoso, quen empatou en concelleiros con Alternativa Independente (catro cada un), logrou a reelección na Capela grazas á abstención do PP.

Anxo Alvariño, quen encabezou a lista do PSOE nas últimas eleccións municipais, asumiu o cargo de alcalde do Concello de Neda despois de obter a maioría absoluta dos votos emitidos polos concelleiros da recentemente constituída corporación local. O alcalde comprometeuse a continuar con aínda máis intensidade o camiño do progreso iniciado fai oito anos e estendeu unha man á oposición para traballar polo futuro de Neda. Nunha concorrida sesión plenaria constituíuse a nova corporación municipal, composta por 11 concelleiros (6 do PSOE, 2 do PP, 2 do BNG e 1 de Moveneda), incluíndo a cinco debutantes. Os concelleiros tiñan como primeira tarefa elixir o alcalde para o próximos catro anos.

No seu primeiro discurso, e despois de agradecer aos veciños, á súa familia, ao seu equipo e ás anteriores corporacións, manifestou o seu orgullo por poder ser alcalde e por ser depositario da confianza do pobo de Neda. Alvariño comprometeuse a “seguir, con aínda máis intensidade se é posible, impulsando o progreso desde o ano 2015”, servindo a toda a comunidade. “Esforzaremos ao máximo para construír un municipio progresista, dinámico, transparente e cunha mellor calidade de vida”, subliñou, antes de tender a man á oposición. “Queremos facer partícipes da nosa acción de goberno aos diferentes grupos que forman parte da corporación”, ➔



O BNG volve gobernar en Fene.



José Manuel Rey recuperou para o PP a alcaldía de Ferrol.



Bernardo Fernández logrou unha nova maioría en Pontedeume.

XULLO 2023



En Valdoviño o PSdeG volveu ser a forza máis votada, con maioría.



Ángel Alvariño afronta o seu terceiro mandato en Neda.



O socialista Pablo Moreda mantén o goberno en Cedeira.



Cambio de goberno en Cariño, coa nova alcaldesa popular Ana María López.

→ asegurou, engadindo que seguirá gobernando “coas portas abertas aos veciños”. A sesión plenaria concluíu coa interpretación do Himno Galego.

En Valdoviño, outro dos feudos que mantén o PSOE, Alberto González comezou o seu terceiro mandato, o segundo con maioría absoluta. Na súa primeira intervención nesta lexislatura, Alberto González fixo un chamado ao traballo conxunto con todas as forzas políticas e a cidadanía para seguir facendo de Valdoviño un lugar ideal para vivir e sentir. “Dúas palabras que nos deben guiar día a día nos próximos 4 anos”, engadiu. Tamén lembrou aos dous alcaldes, José Antonio Vigo e Manuel Villarnovo, que faleceron durante o último mandato, e agradeceu especialmente aos traballadores municipais pola súa entrega durante a pandemia, así como á comunidade de Valdoviño por mostrar o seu lado máis solidario. González asegurou que poñerá todo o seu empeño en responder á confianza depositada e salientou o compromiso de todos os concelleiros de traballar a favor da cidadanía. “Abrimos catro anos de futuro”, concluíu o alcalde no seu discurso.

En Fene, o nacionalista Juventino Trigo, consolidou a súa posición como alcalde tras facer valer os seus sete edís obtidos o pasado 28M. Tras asegurar o apoio da única concelleira de Esquerda Unida, Trigo logrou manterse no cargo e espérase que forme un goberno de coalición coa formación de esquerdas. Doutra banda, o PSOE,

con tres concelleiros, apoiou a súa propia candidatura, do mesmo xeito que o PP, que conta con seis representantes. Despois de notables discrepancias coa fronte nacionalista nos últimos anos, os socialistas optaron por facilitar un goberno de esquerdas e mostran o seu apoio a Joaquín Ayala, quen se perfila como o novo portavoz.

O líder do partido nas Pontes, Valentín González Formoso, foi reelixido como alcalde con maioría absoluta, 7 dos 13 edís. A cuarta como alcalde. O Bloque Nacionalista Galego (BNG), con 4 concelleiros, e o Partido Popular (PP), con 2, completan o pleno municipal. Durante a cerimonia de toma de posesión, Formoso, quen tamén continuará liderando a Deputación da Coruña, anunciou a formación dun goberno de consenso coas demais forzas políticas para afrontar os importantes desafíos que o municipio ten por diante. Entre eles atópase a adaptación a un novo modelo enerxético e industrial.

O alcalde reelecto destacou a importancia de traballar en conxunto para impulsar o desenvolvemento sostible e garantir o progreso económico e social das Pontes. Cun enfoque na transición cara a fontes de enerxía máis limpas e sostibles, así como no impulso da industria local, o goberno municipal buscará impulsar o crecemento e mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

En Pontedeume, tamén se oficializou o cuarto mandato do socialista Bernardo Fernández, que se converteu de novo no

rexedor máis votado das tres comarcas, con 9 de 13 edís, o que supón case un 63% dos votos. “Pasaron oito anos desde que chegamos ao goberno local, nos cales nos dedicamos incansablemente a mellorar o noso pobo, a súa contorna e a calidade de vida de todos os que temos a inmensa fortuna de vivir en Pontedeume”, afirmou Fernández. “Espéranos outro mandato ao que nos enfrontamos coa mesma paixón e entusiasmo que o primeiro día, con obxectivos claros aos que nos dedicaremos en corpo e alma”, engadiu. Tras ser elixido pola nova corporación municipal, Bernardo Fernández Piñeiro comprometeuse a seguir impulsando o progreso e o benestar de Pontedeume. Durante o seu discurso, destacou os logros obtidos durante o seu anterior mandato e expresou a súa determinación de traballar arduamente para continuar mellorando o municipio nos próximos anos.

Outro dos rexedores que repite mandato, por quinta vez, é Secundino García en San Sadurniño. Esta vez con maioría absoluta grazas aos votos do BNG, mentres que PP e PSOE votaron polos seus propios candidatos. Na nova corporación, incorpóranse representantes do PSOE e do BNG, xunto cos membros do PP que repiten o seu cargo. Secundino García pronunciou un discurso emotivo no que agradeceu a confianza depositada nel e avogou polo diálogo e a superación de diferenzas en aras do servizo á cidadanía.

Ademais, bocetou as liñas estratéxicas

para o próximos catro anos, centradas na participación cidadá, a planificación municipal e a defensa dos servizos públicos, co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos veciños e promover o desenvolvemento sostible.

Outro dos feudos nacionalistas da comarca, Moeche, acolleu o nomeamento da alcaldesa de Beatriz Bascoy, quen mantén para o BNG os seis edís cos que contou no mandato anterior, mentres que o PP repite cun grupo que integran tres concelleiros. Este é un dos poucos concellos nos que os socialistas non presentaron candidatura.

Nunha xornada sen contratempos, o socialista Julio Iglesias comezou o seu quinto mandato como alcalde de Ares. Aínda que a súa formación perdeu a maioría absoluta nas eleccións municipais do pasado 28 de maio, quedando a un concelleiro de alcanzala, os socialistas lograron manter a gobernabilidade grazas ao apoio de Nova Alianza. Tras os comicios, o rexedor anunciou que contaría co respaldo do único concelleiro de Nova Alianza, Luís Cendán, quen xa formou parte do executivo municipal no último mandato, a pesar da maioría absoluta do PSOE.

Pola súa banda, Juan Alonso Tembrás (PP) logrou a maioría absoluta nas Somozas e foi investido alcalde polos seus seis edís, dun total de novo. O mesmo ocorreu en Mañón onde Alfredo Dovale mantén a alcaldía con sete concelleiros fronte aos dous do PSOE.

TRIBUNA

A casa que esperamos

Estes días cálidos de primeiros de xullo serán os últimos que pase eu so en Pontevedra, despois de dous anos traballando aquí. A próxima semana ven Marta, a miña muller, e despois volveremos xuntos a Ferrol. Se sumo os tres anteriores en Madrid, levo cinco anos seguidos fora, viaxando as fines de semana para estar na casa.

Non se canto vai durar esta que comeza, pero, haber, vai haber un cambio de etapa. E, coma case sempre, gustaríame ser consciente, observalo, non deixar que suceda sen máis mentres estou entretido noutras cousas. É un paso importante, un cambio de situación moi significativo, e querería, dentro do que cabe, ir levándoo polo seu camiño. Haberá sorpresas e imprevistos, dende logo –que é o que é a vida case todo o tempo–, pero gustaríame que non todo fora iso: unha cousa é estar aberto aos acontecementos e deixar que as cousas flúan, e outra quedarse a velas vir, darse conta do que pasou só cando xa pasou.

Foron cinco anos de vivir a semana laboral en solitario e, as máis das veces, de sentirme so. De falar moito por teléfono, sempre tan insuficiente e, por veces, frustrante. De paseos a última hora da tarde cun libro debaixo do brazo e cafés sen conversación. De cear latas de atún no meu escritorio. De mirar series no portátil, sabendo que eles estaban todos no sofá do salón. De botalos tanto de menos. E de bicar fotos antes de apagar a luz.

E cinco anos de chegar á miña casa de visita, de estar sem-



pre de paso. De que non fora miña casa de todo. De non ter sitio propio, nin función clara nin permanencia. De verme metido nunha inercia allea que nos minutos iniciais amagaba unha adaptación sen demasiado éxito. De non perder de vista a maleta, que quedaba detrás dunha porta esperando pola tarde do domingo. De facer compra aparte e de ter dous cremas de afeitar e dous cepillos de dentes. De non empezar nada que non puidera rematar en corenta e oito ho-

ras. E de falar co meu fillo, de soltarlle o sermón de cada venres, desexando que os efectos durasen mentres eu non estaba. E de que Marta me despedira dende a ventá ata que o coche xiraba ao final da rúa e a miña cabeza e a súa facían o clic do modo supervivencia.

En dúas semanas volvo á casa. A vivir nela, por fin. A chegar despois do traballo, a colgar o abrigo, a poñer as zapatillas, a xantar, a recoller a mesa, a ir ao súper. A ver unha serie na tele, nese sofá. A ter

unha soa máquina de afeitar e un so cepillo. A telos ao lado para falar. A pasar as tardes co meu fillo e xa non ter que lle lembrar as instrucións. A ler na miña cama. A poder bicalos e deixar as fotos tranquilas.

Pero vai costar. Aínda que o esteamos desexando, non vai ser doado encaixalo todo, encaixarnos. Haberá rutinas que adaptar, hábitos que consensuar, outras opinións que ter en conta e unha grande presenza á que lle facer sitio.

Por iso, para que a inevitable

crise sexa breve e non pase de superficial, hai que ver chegar as cousas e levalas por onde queiramos. Temos que recibir o cambio e controlalo nós a el, non ao revés. Temos que pensar, pensarnos. E deseñar a nova situación, o novo día a día que buscamos, a vida nova que empezamos. Para que nos guste tanto como a desexamos.

PORTOROSA

Contar ata dez

Non creo que sexa posible dicir nada novo sobre as pasadas eleccións nin sobre a inmediata derivada que se anunciou, para sorpresa xeneral, na mañá seguinte. Un exército incansable de comentaristas, unha boa parte deles reputados todólogos, leva dende entón, día e noite, e a través de canto medio existe, analizando polo miúdo non só os feitos xa consumados, e contabilizados, senón tamén os diferentes escenarios que se poden ir conformando no futuro. Non hai nada que se lles escape, ningunha posibilidade, ou probabilidade, ou expectativa, ou pretensión, ningún obxectivo, explícito ou explícito, ningunha argucia, ningunha traición, nin unha simple torpeza, nada: a eles non se lles escapa nada.

É abrumadora a perspicacia política que amosan, a finura analítica, a destreza interpretativa. Por iso, dende aquí, dende este humilde recanto, conscientes das nosas limitacións, imos dicir algo, si, pero con moito coidado, coa máxima precaución, contando ata dez antes de soltar a lingua.

1-Tsunami. Gústannos moito este tipo de expresións. Son moi vistosas. A victoria do PP foi un tsunami, iso dixeron, pero os tsunamis non son moi tranquilizadores. A natureza non ten compaixón, e se está embravecida, mellor será poñerse a cuberto.

2-Sanchismo. Un significativo baleiro convertido en depositario das maiores maldades. O sanchismo como exudación fedorenta dun personaxe ini-

cuo e deshumanizado. Unha simplificación pueril pero efectiva.

3-Sánchez. Un resistente. Político tenaz, ás veces errático, firma con boa nota unha lexislatura difícil, atacada dende o principio por todo tipo de axentes (esóxenos e endóxeos).

4-Feijóo. Descoñecido e apreciado en Madrid. Para coñecelo ben recomendo o libro de Manuel M. Barreiro “A novísima dereita e nós”, publicado alá polo 2011, cando só levaba dous anos na presidencia da Xunta. Di Barreiro: “Dous son os trazos máis salientables do presidente da novísima dereita: o seu estilo confrontativo, nada cordial, e o seu maniqueísmo discursivo”.

5-Socios. Malia as dificulta-

des e aos momentos de tensión, amplificados pola “troupe” mediática, o certo é que a coalición foi quen de manter un pulo lexislativo de gran intensidade e claramente ubicado nunha axenda de corte progresista e modernizador.

6-Disxuntivas. Ou Sánchez ou España. Unha trampa. Outra. É que pequena semella España, e que triste, cando aqueles que padecen “españollez” (ese xeito de ser rabiosamente español, segundo José Luis Villacañas) a nomean e a utilizan coma cousa propia, como “casus belli”.

7-Medios. Raíñas da mañá e da tarde, reis e bufóns, comunicadores altisonantes, maniqueos, estrelas do entretemento..., todos e todas contribuíndo sen desmaio á construción

da gran manipulación, a elaboración precisa dunha falacia de trazo groso e consumo fácil.

8-Emocións. Din os que saben, ou algúns, que votamos impulsados polas emocións e non pola razón. Será así. Emocións hai moitas: tristeza, ira, medo, alegría, amor... Non está mal votar cargado de emoción, pero que non sexa esa emoción a tristeza, nin a ira, nin o medo, nin o odio. Hai outras.

9-Polarización. Construción perversa de absolutos irreconciliables. Perigo: por aí veñen os cavadores de trincheiras. Nin caso.

10-Cando a conta chega a dez, normalmente, o que se decide é calar. Calemos.

NICANOR

Canta información tes recibida
que non te interesaba?
Con total seguridade,
demasiada.

enfoques.gal



Enfócate no local
subscribíndote á nosa newsletter.
Chegamos a máis de 5.000 fogares
de Ferrol, O Eume e Ortegal.

DEPUTACIÓN

A Deputación financia con case 500.000 euros a contratación de 50 persoas nas comarcas

O OBXECTIVO DESTAS SUBVENCIONS É FOMENTAR A CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE E DE CALIDADE, CONTRIBUÍNDOLLE A FIXAR POBOACIÓN NESTAS ZONAS

A Deputación da Coruña concede axudas por un valor de 5,5 millóns de euros destinadas á contratación de 544 persoas en pequenas e medianas empresas da provincia. Estas axudas forman parte do Plan de Emprego Local e están dirixidas especialmente a municipios rurais con menos de 20.000 habitantes. O obxectivo destas subvencións é fomentar a creación de emprego estable e de calidade, contribuíndo así a fixar poboación nestas zonas.

Doutra banda, outórganse un total de 326 axudas do PEL-PEMES para a creación e ampliación de persoal en autónomos, microempresas e pemes de municipios con menos de 20.000 habitantes. Estas axudas financian o 70% dos custos laborais durante un máximo de 12 meses, cun límite de 15.000 euros por contrato.

En canto ás axudas do PEL-Pemes Mantemento, destináronse preto de 2 millóns de euros para subvencionar a contratación indefinida de 218 profesionais autónomos, microempresas e pemes. Estas subvencións cobren ata o 50% dos custos laborais durante 12 meses e están dirixidas a empresas que xa foran beneficiarias no ano anterior.

Nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal recibíronse un total de 49 solicitudes cun importe solicitado de 539.079,36 euros. Desta cantidade, concedéuse un importe de 489.802,07 euros para apoiar a xeración de emprego na zona. Ares, por exemplo, recibiu un total de tres solicitudes, cun importe solicitado de 41.045,52 euros. Desta cantidade, concedéronse 37.500,00 euros para apoiar a creación de emprego no municipio.



CONCELLO	SOLICITUDES CONCEDIDAS	IMPORTE SOLICITADO DAS CONCEDIDAS	IMPORTE CONCEDIDO
ARES	3	41.045,52 €	37.500,00 €
CABANAS	5	55.830,99 €	46.475,99 €
CARIÑO	1	9.759,66 €	9.759,66 €
A CAPELA	2	25.908,31 €	23.408,31 €
CEDEIRA	1	6.300,13 €	6.250,00 €
CERDIDO	3	40.364,51 €	39.923,26 €
FENE	3	39.379,07 €	39.379,07 €
MOECHE	1	11.300,72 €	7.400,00 €
MUGARDOS	3	18.353,91 €	17.230,65 €
NEDA	1	14.000,00 €	12.500,00 €
ORTIGUEIRA	5	55.125,42 €	48.601,42 €
PONTEDEUME	7	72.169,78 €	65.487,99 €
AS PONTES	8	80.420,78 €	72.547,02 €
SAN SADURNIÑO	2	15.955,58 €	15.213,72 €
AS SOMOZAS	1	15.000,00 €	12.500,00 €
TOTAL	49	539.079,36 €	489.802,07 €

Pola súa banda, en Cabanas concedéronse cinco solicitudes cun importe solicitado de 55.830,99 euros. Finalmente, outórgouse un importe de 46.475,99 euros para axudar a xerar postos de traballo na localidade.

No caso de Cariño, aprobouse unha solicitude cun im-

porte solicitado de 9.759,66 euros, e esta cantidade foi concedida na súa totalidade para fomentar o emprego no municipio.

O concello de A Capela presentou dous solicitudes para recibir apoio na contratación de traballadores. O importe solicitado foi de

25.908,31 euros, e finalmente concedéuse un total de 23.408,31 euros para contribuír ao desenvolvemento laboral na zona.

En Cedeira, concedéuse unha solicitude cun importe solicitado de 6.300,13 euros. Outórgouse un importe concedido de 6.250 euros. Así mesmo, en Cerdido concedéronse tres solicitudes cun importe solicitado de 40.364 euros. Concedéuse un importe de 39.923 euros para colaborar no fortalecemento do emprego na localidade. O concello de Fene recibiu apoio para tres solicitudes cun importe solicitado de 39.379 euros. Esta cantidade foi concedida na súa totalidade.

En Moeche, aprobouse unha solicitude cun importe solicitado de 11.300 euros. Con todo, o importe concedido foi de 7.400 euros. Mugardos presentou 3 solicitudes cun importe solicitado de 18.353 euros. Desta cantidade, concedéuse un importe de 17.230 euros para apoiar a creación de emprego no municipio.

En Neda, concedéuse unha

solicitude cun importe solicitado de 14.000 euros. O importe concedido foi de 12.500 euros. O concello de Ortigueira presentou cinco solicitudes cun importe solicitado de 55.125,42 euros. Finalmente, concedéuse un total de 48.601,42 euros para apoiar a xeración de emprego na zona. Pola súa banda, Pontedeume recibiu apoio para sete solicitudes cun importe solicitado de 72.169,78 euros. Desta cantidade, concedéuse un importe de 65.487,99 euros. No caso de Pontes, As, concedéronse oito solicitudes cun importe solicitado de 80.420,78 euros. Finalmente, outórgouse un total de 72.547,02 euros.

San Sadurniño recibiu apoio para dúas solicitudes cun importe solicitado de 15.955 euros. Concedéuse un importe de 15.213 euros para colaborar na contratación de traballadores no municipio. Así mesmo, nas Somozas aprobouse unha solicitude cun importe solicitado de 15.000 euros. Con todo, o importe concedido foi de 12.500 euros.

Carlos de Castro, profesor e historiador

A igrexa de Santiago de Pontedeume no Camiño Inglés

AXÚNTANSE UNHA CAPELA DO GÓTICO TARDÍO, CONSTRUÍDA POR FERNANDO DE ANDRADE PARA SER ENTERRADO NELA, CUBERTA CUNHA BÓVEDA ESTRELADA, E UNHA NAVE QUE FOI RECONSTRUÍDA ENTRE 1755 E 1763 POLO ARCEBISPO RAJOY

O Camiño Inglés non alcanzou no medievo a relevancia do denominado Camiño Francés. Non importa, porque se a peregrinación a Santiago afunde as súas raíces na historia, é un fenómeno vivo, presente, que seguimos construíndo, cunha indubidable proxección de futuro. Ao Camiño Inglés, que ben se lle puidese chamar Camiño Nórdico, pois non só foron os ingleses os que peregrinaban, non lle faltan os testemuños históricos, pero sen dúbida existe un desequilibrio entre o ramal coruñés e o ramal ferrolán, tanto en distancia como en fontes históricas.

No ramal de Ferrol, Pontedeume é punto ineludible, pois a súa ponte foi un paso obrigado nas comunicacións norte sur para salvar a barreira natural que supoñía o canón de Eume e que explica o lugar de emprazamento da póboa fundada ex novo en 1270 por Afonso X.

Dous elementos emblemáticos de Pontedeume respecto ao Camiño Inglés foron a ponte co hospital do Espírito Santo no medio, ambos os dous construídos por Fernán Pérez de Andrade a finais do século XIV e desaparecidos no século XIX, e a igrexa de Pontedeume coa advocación de Santiago.

O camiño debe de servir como escaparate para poñer de relevo o importante patrimonio de Pontedeume (casco antigo, igrexa da Virxe das Virtudes, Torreón, a igrexa de Santiago, convento dos Agostiños) e da súa contorna (castelo de Andrade, Caaveiro, Monfero, Montefaro ou o románico eumés).

É necesario crear infraestruturas que favorezan a circulación de peregrinos: como pode ser a sinalización ou os albergues. En Pontedeume acondicionáronse os emblemáticos almacéns ou lonxas de Rajoy como albergue e nestes momentos está en marcha un proxecto de albergue no edificio das antigas escolas construídas polo arcebispo Rajoy, a carón da igrexa. E son necesarios estudos de investigación e, nun segundo plano, de material divulgativo que



permitan que o coñecemento do noso patrimonio se difunda con facilidade, dignidade e calidade. Ao primeiro aspecto responde a revista Cátedra, con 29 números, e, ao segundo, a recente publicación dunha guía de Santiago de Pontedeume, patrocinada polo Concello, iniciativa que debería ir acompañada cun horario razoable da igrexa que favoreza a súa visita.

Un templo singular

Na igrexa de Santiago, unha das máis importantes do Camiño Inglés, axúntanse unha capela do gótico tardío, construída por Fernando de Andrade para ser enterrado nela, cuberta cunha bóveda estrelada, e unha nave que foi reconstruída entre 1755 e 1763 polo Arcebispo Rajoy, con trazo de Manuel de los Mártires e con Alberto Ricoy como mes-

tre de obras, quen proxecta as torres e a sancristía nova.

Posiblemente cando se constrúe esta capela, a igrexa fose un templo dunha soa nave, cunha serie de capelas adxacentes, unha, a da Vera Cruz, un pórtico, coro alto e torre campanario. Rajoy expresou o desexo de que a igrexa nova fora de dimensións semellantes. Posiblemente o desexo cumpriuse, polo menos res-

pecto á lonxitude, pero obrigou a un novo mobiliario. Loxicamente, algunhas imaxes sobreviviron (Crucificado, Virxe da Candelaria, Sta. Isabel, etc.), pero houbo que facer novos retablos. A prolongación no tempo desta tarefa de renovación, fai que os novos retablos fosen primeiro barrocos, non moi aparatosos, e, nun segundo momento, xa plenamente neoclásicos, onde columnas e entablamentos imitan mármore.

A restauración do retablo permitiu visualizar os dous escudos que estaban situados na parede, detrás do retablo e coñecer as modificacións que sufriu, o que obriga a retrasar a datación da construción da capela a antes de 1527, ano da morte da súa muller, Francisca de Zúñiga.

Ademais da importancia do seu mobiliario, especialmente do Santiago sedente, do retablo plateresco con pinturas góticas tardías e barrocas, e doutras tallas anteriores á restauración, debemos de sinalar algunhas curiosidades. En primeiro lugar, o feito de que o devandito Santiago sedente nun determinado momento se considerase pasado de moda e fose enterrado debaixo do altar, sendo exhumado na reforma da década dos sesenta do século XX. En segundo lugar, o sorprendente e incomprendible xiro da torre da esquerda, onde se aloxa a carraça; en terceiro, o feito de que a igrexa fose construída coas pedras do foso do castelo de Andrade; en cuarto lugar, o ser unha das poucas igrexas con chan de cemento, sen dúbida pola novidade que supuxo a chegada do cemento Portland. Previamente as laxas sepulcrais utilizáronse na pavimentación das rúas, en particular na praza de S. Roque. E por último, que se financiasse a reconstrución do tellado, desmantelado polo furacán Hortensia, coa "operación tella", na que participaron todos os veciños.

E, como nunca terminamos de aumentar os nosos coñecementos, recentemente, grazas ao incansable documentalista Antonio Leira, soubemos que a Inmaculada do retablo do mimo nome é de 1954.

AS PONTES

Aprobados catro millóns de euros en investimentos

O pleno do Concello das Pontes aprobou durante a derradeira sesión extraordinaria da pasada lexislatura investimentos por valor de 4.007.901,12 euros para poñer en marcha novos servizos e executar diferentes proxectos destinados a mellorar a calidade de vida da veciñanza, actuacións “que responden ás demandas realizadas desde o tecido asociativo da vila”.

Entre os proxectos que se levarán a cabo destacan a creación dun centro loxístico, un investimento de 350.000 euros para adquirir o colexio Pardo Bazán para a construción da residencia xeriátrica, outro de 210.999 euros para a cuberta do almacén da pista de tiro con arco ou 98.010 euros para unha grada cuberta no campo de herba artificial Evaristo Puentes.

Tamén se levará a cabo a construción de beirarrúas na rúa Rego do Campo, a demolición da nave do servizo eléctrico municipal situada na Rúa Pontedeume, executarase a mellora do viario 0248 entre os Chaos de Arriba e o Camiño do Narón e crearase unha glorieta na Avenida da Vilalba, na súa intersección coas rúas Meidelo e Celso Emilio Fereiro.



Imaxe de arquivo do Concello das Pontes.

Está previsto substituír a capa de rodaxe do viario do cemiterio dos Alimpadoiros, a mellora da pavimentación na Rúa Covelos e executaranse traballos de mellora das rúas Caraveles, Vincallo, Chorimas e Xeranos e executar unha nova capa de rodaxe na rúa Amapolas. Entre os investimentos aprobados tamén está o abastecemento de auga nos Airíos, a instalación de equipamentos na parcela anexa á AA.VV. de Bermui, a execución dunha zona cuberta na AA.VV. de San Pedro de Eume,

a reposición e mellora do lavadoiro da Cuíña ou a cuberta para o local social de Espiñaredo.

No capítulo de servizos destacan o plan de transporte público municipal, con 100.000 euros, as actividades culturais e deportivas para o mes de agosto no lago das Pontes, diversas actividades culturais ata final de ano, incluídas as propostas de Nadal e as festas patronais por 241.000 euros ou as feiras de Fungos e Cogomelos e do Queixo e Mel de Goente.



Avanzan as obras de mellora da Avenida da Habana

O Concello das Pontes comezou o pasado 14 de xuño os traballos dunha nova fase das obras de reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo comprendido entre os números 76 e 99, unha intervención financiada pola Deputación da Coruña e adxudicada á empresa Ambientum Tratamiento Global del Medio Ambiente por 147.774 euros.

Os traballos permitirán mellorar a iluminación e saneamento e, por outro lado, repoiñer os pavimentos de beir-

rrúas e viario, configurando un vial a nivel coa beirarrúa, dotando de total accesibilidade a todo o tramo a executar.

Así, crearase unha nova rede de recollida de augas pluviais separativa nas dúas marxes do viario mediante novas canalizacións, dotadas dos correspondentes sumidoiros e arquetas de recollida de acometidas das vivendas. Tamén se proxecta cambiar o alumeadado público coa instalación de novos puntos de iluminación LED sobre báculos dobles de sete metros.

A planta de EDP e Reganosa estará operativa en 2026

Reganosa, a través da súa filial H2Pole, acaba de licitar a construción dunha planta de produción de hidróxeno verde das Pontes. A terminal terá unha capacidade de 100 megawatts e poderá producir ao redor de 16.000 toneladas anuais de combustible.

A empresa prefere adxudicar o pedido a unha soa firma, aínda que admitirá “agrupacións de interese económico cando existan razóns obxectivas”. Reganosa prevé que será necesario un investimento de arredor de 156 millóns de euros para materializar este proxecto.

A empresa enerxética deseñou a terminal en varias fases: a primeira terá un prazo de execución de 24 meses. A fir-

ma que dirixe Emilio Bruquetas espera que os traballos poidan comezar no primeiro trimestre do próximo ano, co obxectivo de arrincar as instalacións nos primeiros meses do 2026. A terminal de produción de hidróxeno verde estará situada no Tesouro, nunha parcela de 30.000 metros cadrados que antigamente acolleu as oficinas da mina de Endesa. Será o primeiro gran proxecto que se acometerá na vila no marco do proceso de transición enerxética desencadeado tras a solicitude de peche da central térmica de carbón.

De feito, o H2Pole recibiu axudas do Programa de Incentivos a Proxectos Pioneiros e Singulares de Hidróxeno Re-

novable. A construción da planta, que xa conta con clientes, como a futura fábrica de pneumáticos de Sentury, tamén nas Pontes, xerará ocupación para uns 300 traballadores. Posteriormente, na fase de operación, empregará a medio centenar de persoas.

Este proxecto foi o primeiro en ser declarado como industrial estratéxico (PIE) por parte da Xunta de Galicia, o que permitiu acurtar os prazos.

A planta de Ence, tamén PIE

O Goberno galego tamén declarou PIE a iniciativa que Ence estuda poñer en marcha nas Pontes: unha bioplanta para a produción de fibra branca da recuperada e biomateriales.



A planta de hidróxeno verde proxectada por Reganosa e EDP.

A compañía presentara o pasado mes de abril a solicitude formal para que a primeira fase deste proxecto recibise esta declaración, un trámite xa superado. Esta primeira fase

prevé a posta en marcha dunha planta de reciclaxe de papel e cartón, dando unha nova vida a estes materiais, de forma plenamente aliñada coa economía circular.

BANDEIRA AZUL



Lago de As Pontes:
Creamos un
océano para ti



PONTEDEUME


O novo delegado do Goberno destaca a “modernización” de Pontedeume

PEDRO BLANCO RECORDOU A ACHEGA DO GOBERNO PARA A REHABILITACIÓN DA PONTE DE PEDRA OU O NOVO ALBERGUE DE PEREGRINOS

Bernardo Fernández Piñeiro, recibiu este pasado mes de xuño na Casa do Concello ao novo delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, na súa primeira visita oficial á vila. No encontro, no que tamén participou a subdelegada do Goberno na Coruña, María Rivas, abordaron os proxectos do Goberno central na vila.

O alcalde de Pontedeume agradeceu “o importante esforzo inversor do Goberno central na vila, que reparte estes fondos entre os municipios en base a criterios obxectivos”.

Pola súa parte, o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, puxo en valor “a modernización de Pontedeume” da man do Goberno local e comprometeu o apoio do Goberno aos proxectos de transformación da vila. Neste sentido, Fernández Piñeiro recordou algúns dos proxectos fi-



nanciados polo Goberno central en Pontedeume, “como a rehabilitación da ponte de Pedra, un proxecto que recuperará a ponte e ampliará as

beirarrúas, cun investimento de 8 millóns de euros”. O rexedor eumés tamén agradeceu as obras para mellorar a ponte do ferrocarril, “que une

Pontedeume con Cabanas, uns traballos que xa están executándose”. Por último, o alcalde recordou outros proxectos impulsados polo Goberno cen-

tral, “como as axudas do IDAE para renovar o alumnado LED ou a creación do novo albergue de peregrinos grazas a unha subvención estatal”.

Pontedeume vende as súas potencialidades no Salón Turístico de Galicia

O Concello de Pontedeume participou no Salón Turístico de Galicia a pasada semana en Silleda. Entre as diferentes actividades de promoción destacan a súa participación nos workshops e os encontros con touroperadores de ámbito nacional e internacional.

En ditos encontros amosouse a vila de Pontedeume, como destino turístico e cabeceira de comarca, destacando o seu magnífico emprazamento, o seu patrimonio histórico, natural e gastronómico. A iso súmase a importancia do Camiño Inglés e os exemplos dos últimos proxectos de rehabilitación nos establecementos de aloxamento e hostalaría, alén



da calidade e ampla oferta dos servizos existentes.

Por outra banda, fíxose un percorrido polas diferentes actividades culturais e deportivas que se realizan ao longo do ano e o uso das novas tecnoloxías.

Tamén se abordaron as diferentes iniciativas impulsadas polo departamento de Turismo dentro do seu plan de desestacionalización que diversifica accións divulgativas e de promoción durante todo o ano.

Remata o programa de apoio socioeducativo para escolares

Rematou en Pontedeume a segunda edición do programa de apoio socioeducativo, unha iniciativa impulsada polo Concello de Pontedeume e EuroEume. Os nenos e nenas, xunto ás súas familias, participaron nunha festa de peche de curso. Durante o evento, entregáronse os diplomas en recoñecemento ao seu esforzo durante o curso escolar, nun acto no que participaron os concelleiros Alejandra Bellón, Joshua Dopico e Charo Huertas.

Este programa, destinado ao alumnado de educación primaria dos centros educativos do concello, é unha ferramenta que, novamente, deu resultados moi positivos para

as familias e os rapaces e rapazas.

Dende o inicio, mediante unha detección personalizada das necesidades do alumnado, os técnicos traballaron diferentes técnicas de estudo, planificación, organización, lectura comprensiva, síntese, concentración mediante unha metodoloxía de traballo adaptada ás demandas.





A vila regresa ao tempo dos Andrade

Pontedeume regresou á época medieval na última fin de semana de xuño. No feirón, organizado polo Concello, propuxéronse actividades para todos os públicos, como obra-
doiros infantís, mercado medieval, recreacións históricas e animacións musicais.

Miles de persoas deixáronse ver pola localidade, atraídas pola vila, o mercado, as atraccións e as actividades. A actriz Isabel Blanco foi a encargada de dar o pistolezado de saída

do evento co pregón. Entre as actividades, o taller infantil de elaboración de galletas foi un dos que tivo máis éxito.

Durante toda o fin de semana houbo espectáculos na rúa, música e humor nas diferentes prazas da vila.

O fin de semana trouxo tamén á vila eumesa exhibicións de esgrima, unha actividade de tiro con arco, así como numerosas recreacións históricas, como a escenificación da Revolución Irmandiña.



PLAY-X

CAMPÍONS DE ESPAÑA
REPRESENTANTES NO MUNDIAL DE ARIZONA, U.S.A

SÁBADO 15 DE XULLO
ALAMEDA DE PONTEDEUME

Talleres de baile

11:00 H A 12:00 H
DANZAS URBANAS

12:15 H A 13:15 H
DANZAS URBANAS

Exhibición

PLAY-X

TALLERES DE BALDE PARA TODAS AS IDADES



CLUB DE BAILE
FUSION DANCE



Ponte deume

NARÓN



A primeira reunión da Rede de Centros de Perrucaría e Estética fronte á Violencia de Xénero de Narón.

Primeiro encontro da rede de perrucarías contra a violencia machista

MÁIS DE TRINTA CENTROS DE PERRUCARÍA E ESTÉTICA PARTICIPARON NA PRIMEIRA EDICIÓN DE "A IGUALDADE POLOS PELOS" ENTRE MARZO E XUÑO

A Rede de Centros de Perrucaría e Estética fronte á Violencia de Xénero, unha iniciativa enmarcada na campaña "A Igualdade polos pelos" do Concello de Narón, reuniuse por primeira vez este mes de xuño para valorar os primeiros meses desta iniciativa, na que participaron trinta centros de perrucaría e estética da cidade e na que se visitaron un total de setenta. Entre as finalidades desta campaña está a creación

dunha rede de espazos aliados contra a violencia de xénero, que continuarán difundindo material relativo á mesma, unha labor que lle agradeceu personalmente a alcaldesa, Marián Ferreiro, ós dez representantes destes centros que acudiron á reunión a todos os participantes.

"Sodes unha parte fundamental da nosa sociedade, polo voso contacto directo coa cidadanía, para seguir avan-

zando na loita contra esta lacra social, nalgúns casos lamentablemente silenciada polo medo a denunciar das propias vítimas e que precisa de todo o noso apoio de cara á súa necesaria erradicación", destacou Ferreiro. A campaña "A igualdade polos pelos" está financiada con fondos do Pacto do Estado e as accións estendéronse dende marzo ata xuño, con intención de volver para novas edicións.

Homenaxe ó pemento do Couto con 250 quilos

O Concello de Narón, a Orde de Damas e Cabaleiros do Pemento do Couto e a AVV do Couto organizan o vindeiro día 9 de xullo a XXIII Festa Gastronómica do Couto, un evento que arrancará o día anterior cunha degustación o 8 de xullo ás 19:00 horas no local social do Couto.

A xornada festiva arrancará ás 13:00 horas co pregón de Xoanqui Ameixeiras e ás 14:00 horas será a quenda da

degustación gastronómica, con pementos do Couto acompañados por churrasco, cachelos, pan, auga, viño, café ao tizón e sobremesa. Cocíñaranse uns 250 quilos de pemento ó longo dunha tarde na que haberá un baile amenizado polo Dúo Aixa e xogos populares, co obxectivo de poñer en valor o pemento do Couto, "moi recoñecido pola súa calidade e típico destas datas estivais".

Narón pide unir forzas contra a proliferación de moscas no Val

O Concello de Narón avanza nos trámites para constituir a comisión de administracións para abordar a problemática derivada da proliferación de moscas na parroquia do Val.

A alcaldesa, Marián Ferreiro, comunicouse coas diferentes administracións para que designen ós seus representantes nesta comisión: as consellerías de Sanidade e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Dirección Xeral de Gandeiría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (dependente da Consellería do Medio Rural), a Delegación da Xunta en Ferrol, a Delegación do Goberno en Galicia e a Asociación de Veciños "Os Irmandiños" do Val.

Unha vez se designen as persoas participantes, na que tamén haberá un representante de cada grupo munici-

pal, fixarase a data para axilizar entre todas as administracións "a erradicación deste grave problema" que veñen padecendo os veciños e veciñas desta parroquia ó longo dos últimos meses.

Porén, a alcaldesa lamentou que a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias xa se desmarcase da comisión alegando "que xa descartaron que a orixe desta situación sexan as explotacións gandeiras ou a xestión das dexeccións dos seus animais".

"A falta de coñecer o foco de onde proceden as moscas, considero que deberíamos traballar conxuntamente todas as administracións para axudar ós veciños, que son os que día a día continúan a padecer este problema", conclúe Ferreiro.



O Gulliver Fest celebra a cultura viaxeira na súa cuarta edición

O festival da cultura viaxeira Gulliver Fest volve a Narón para unha cuarta edición na que durante tres días, entre o 11 e o 13 de agosto, encherá a área recreativa de Pedroso cunha programación ampla e variada que inclúe propostas para persoas de todas as idades.

A alcaldesa, Marián Ferreiro, presentou da man da concelleira de Turismo, Natalia Hermida, e de Ángel Sánchez e Martín Vázquez, presidente e secretario respectivamente da Asociación FurgoGalicia, o

programa do festival, composto por actividades de acceso libre, se ben as persoas que queiran acudir con furgonetas, caravanas ou autocaravanas poden reservar unha praza.

A programación comezará o 11 de agosto ás 10:00 horas coa apertura da zona camper e de autocaravanas para que dende as 16:00 horas comencen as propostas do festival, que ó longo da xornada pasan por un obradoiro de upcycling, charlas viaxeiras, un obradoiro de bunchcraft e música a cargo

de DJ Imar. O sábado haberá unha carreira de orientación, unha sesión de ioga, unha sesión teatral e un concerto, ademais de máis charlas viaxeiras e, para rematar, concertos de Arima Soul e Alademoska.

Finalmente, o domingo a cita comezará con ioga e seguirá dende con dúas charlas viaxeiras, teatro, unha competición de xogos populares e máis programación musical da man da Duendeneta e A Ganga Café para pechar os tres días de intensas actividades.

CEDEIRA



O roteiro das Praias Negras é un dos máis visitados en Cedeira.

Cedeira abre o calendario de xeorrutas do verán

Despois de ser ratificado como Xeoparque Mundial da UNESCO, os concellos que forman parte do proxecto ofrecen unha programación completa de xeorrutas para este verán. Ao longo dos meses de xullo, agosto e setembro, haberá 16 itinerarios diferentes, con un prezo único de 10€ por persoa para cada ruta. As reservas poden facerse a través da páxina web do Xeoparque. No total, haberá case 900 prazas dispoñibles durante os tres meses de verán.

Para facer a reserva, pódese acceder á páxina de “Xeorrutas” no sitio web oficial do Xeoparque Cabo Ortegal (<https://xeoparquecabortegal.gal/as-xeorrutas/>), onde se poderá xestionar a compra das entradas. O prezo único por persoa é de 10 euros para todas as rutas e inclúe un seguro. Na sección de “Xeorrutas” na web, pódese obter información detallada sobre cada un dos itinerarios.

A maioría das rutas xeolóxicas transcorrerán polas zonas costeiras. Comezando pola costa occidental, en Valdoviño, poderemos gozar da Xeorruta dos Cabos e da Xeorruta do Arsénico, onde poderemos observar elementos destacados como os sistemas dunares, a Fenda de Valdoviño e as antigas minas de arsenopirita. Continuando polo concello de

Cedeira, teremos a exitosa Xeorruta das Praias Negras, que comezará o 1 de xullo e descenderá ata Teixidelo. Ademais, haberá a Xeorruta dos Acanilados, a Xeorruta do Cromo, a Xeorruta do Litoral e a Xeorruta do Granate, que nos amosarán paisaxes asombrosas e as curiosidades das formacións rochosas de anfibolitas, peridotitas e piroxenitas. Estas mesmas formacións tamén se poderán apreciar na Xeorruta do Limbo, no concello de Cariño, preto dos acantilados de Herbeira. Neste concello tamén está prevista a Xeorruta de Os Aguillóns, que percorrerá, entre outras zonas, o lugar que diversos estudos consideran como o maior afloramento mundial de eclogitas, un tipo de rocha formada a máis de 100 quilómetros de profundidade.

O programa de rutas divulgativas tamén abrangue o concello de Ortigueira. A Xeorruta de Os Penidos é unha das rutas obrigadas e de referencia científica para observar as eclogitas. Desde a outra beira da ría, nas zonas costeiras de Espasante e Loiba, o concello ofrecerá a Xeorruta dos Vulcáns e a Xeorruta das Lavas en diversas datas, que nos permitirán ter unha idea do intenso e violento vulcanismo que ocorreu na nosa zona hai millóns de anos.

Ademais dos itinerarios costeiros, o calendario de xeorrutas tamén inclúe percorridos polos concellos do interior do proxecto. Cerdido ofrecerá a Xeorruta do Cobre, que compartirá con Moeche. Nesta ruta, visitarase as antigas instalacións mineiras do grupo mineiro de Os Carrís, que foron pechadas a finais dos anos 60. Descubriranse os fenómenos xeolóxicos que xeraron materiais ricos en cobre.

Moeche, por súa vez, organiza a Xeorruta por Mina Piquito, que é a máis curta de todas, con menos de 2 km. Moeche tamén é coñecido pola extracción de toelo ou “pedra de Moeche”, unha serpentinita moi vistosa que se utiliza na ornamentación construtiva de toda a comarca. A Xeorruta do Toelo levaranos ás antigas pedreiras do monte A Caleira, pasando polo castelo, a igrexa de San Xurxo e as esculturas de pedra coñecidas como “petos de ánimas”.

O paquete de itinerarios xeolóxicos complétase coa Xeorruta de As Pías, en San Sadurniño, que se sitúa na parte sur do Proxecto Xeoparque do Cabo Ortegal. Nesta ruta, percorrерemos parte do val estrutural do río Castro e tamén o bloque granítico de Forgoeolo, onde poderemos observar exemplos de bolas, pedras cabaleiras, canleiras e tafonis.

